→ Escolle unha das dúas opcións (A ou B) e contesta as preguntas que se indican en cada caso.

OPCIÓN A

1. Le o seguinte texto:

É a Natureza templo, de cuxas bases
Soben, de tempo en tempo, unhas confusas voces,
Pasa, a través de bosques de símbolos, o home,
Ao que estes observan con familiar ollada.

Como difusos ecos que, distantes, se fonden
Nunha tenebrosa e profunda unidade,
Como a claridade, como a noite, vasta,
Respóndense perfumes, sons e cores.

Hai perfumes tan frescos coma un corpo de neno,
Doces coma o óboe, verdes coma praderías.
–E hai outros corrompidos, triunfantes, saturados,

Con perfís incertos de cousas inasibles,
Como o almiscre, o ámbar, o incenso, o benxuí,
Que cantan os transportes da alma e os sentidos.

Charles Baudelaire, *As flores do mal*

2. Contesta as seguintes preguntas:

a. Indica o tema do poema.

b. Indica a súa estrutura (partes do poema en canto a contido).

c. Sinala os elementos simbolistas do poema.

d. Cal consideras que é a importancia deste poema?

e. Sitúa o poema dentro da produción de Baudelaire.

OPCIÓN B

1. Le o seguinte texto:

Cando pensaba no que Bergotte me dixo: "Está vostede enfermo, pero non hai que compadecelo: ten os goces da intelixencia", como se equivocaba sobre min! Que escasa satisfacción había naquela lucidez estéril! E aínda engado que se algunha vez tiña eu quizais satisfaccións (non da intelixencia), as gastaba sempre por unha muller diferente; de sorte que, aínda que o Destino me concedese cen anos máis de vida, e sen enfermidades, non faría máis que engadir prolongacións sucesivas a unha existencia simplemente lonxitudinal, sen que se vise sequera o interese de que se prolongara máis, e con maior razón durante moito tempo. En canto aos goces da "intelixencia", podía eu chamar así a aquelas frías observacións que os meus ollos clarividentes ou o meu razoamento exacto destacaban sen ningún pracer e que permanecían infecundas?.

Pero ás veces, no momento en que todo nos parece perdido, chega o sinal que pode salvarnos; chamamos a todas as portas que non dan a ningún sitio, e a única pola que podemos entrar e que buscariamos en van durante cen anos, tropezamos con ela sen sabelo e ábresenos.

M. Proust. *Á procura do tempo perdido*, "O tempo recobrado".

2. Contesta as seguintes preguntas:

a. Indica o tema do texto.

b. Indica a súa estrutura (partes do fragmento en canto a contido).

c. O texto no seu contexto (podes guiar a túa resposta contestando as seguintes preguntas: a que libro pertence?, en que parte do libro se sitúa, que acontece antes e despois do narrado no fragmento?, de que trata en xeral o libro que recolle este texto?, que outros libros posúe o mesmo autor?, de que trata en xeral a obra deste autor?, é significativo ou representativo este fragmento sobre a obra do autor?, etc.)

d. Explica o tipo de narrador e a técnica narrativa utilizada.

e. Realiza unha valoración e un xuízo crítico do texto.